

Galicia Suma Talento

Plan de formación empresas para os anos 2026-2027

TR301P Información para o alumnado

UNIDADES FORMATIVAS EN EMPRESAS

Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas á cualificación profesional das persoas traballadoras desempregadas para o desempeño dos postos de traballo obxecto da contratación.



! As accións formativas poden ser tanto do Catálogo de especialidades formativas do SEPE como do Sistema de formación profesional dos grados A, B e C,

🕒 **Límite de execución das accións formativas**
31 de marzo de 2027



Alumnado destinatario das unidades formativas

- » As **persoas traballadoras desempregadas** que na data de validación da acta de selección polas oficinas de emprego estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e con **situación laboral como non ocupadas**.
- » As persoas que, sen estar inscritas como demandantes, **así o determina unha norma específica** e, en particular, as **persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil**.
- » As **persoas demandantes de servizos previos ao emprego**, previa conformidade da entidade beneficiaria da subvención.

Todas as
unidades
formativas
**dispoñibles
nun clic!**



Diplos

Accede ao buscador de cursos



Contratación do alumnado

- » Cada acción formativa incluíra un **compromiso de contratación*** nun centro de Galicia dun **mínimo do 60 % do alumnado** aprobado e/ou formado en contratos cunha duración mínima de 6 meses ou do **40 % se a contratación é por 12 ou máis meses**.
- » A contratación comprometida **realízase nun prazo máximo de 2 meses** desde o remate da acción formativa e sempre dentro do límite que se determine na convocatoria, e **nunha ocupación e categoría relacionada** coa especialidade formativa impartida.
- » Para o compromiso de contratación **priorízase ao alumnado aprobado sobre o formado**.
- » Considerarase como contratación a **incorporación do alumnado como socio traballador ou socia traballadora, ou de traballo** nunha sociedade cooperativa ou sociedade laboral.

Accións
formativas con
**compromiso
de contratación**

* No suposto de contratos a tempo parcial, o mínimo da xornada será do **50 % da correspondente a unha persoa traballadora a tempo completo** comparable

Galicia Suma Talento

Plan de formación empresas para os anos 2026-2027



Selección do alumnado

- » A entidade beneficiaria poderá efectuar, de xeito sucesivo pero non simultáneo, a **selección directa ou mediante a solicitude** de persoas candidatas **á oficina de emprego**.
- » No caso de selección directa **terán prioridade de participación no proceso de selección as persoas traballadoras desempregadas** que exerzan o seu dereito de elección de centro **a través do portal Diplos** da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración **ou dunha oficina de emprego**.
- » A selección de persoas candidatas incluírá **a realización dunha proba de selección**.

 Diplos

Formación en empresa

- » A formación en empresa incluída no programa formativo terá **carácter non laboral e poderá desenvolverse en empresas dentro do prazo de execución da acción formativa**, respectando a súa duración e previa subscripción dun acordo entre a empresa e a entidade de formación, do que se informará ao alumnado que vaia participar nela.



Dereitos e deberes do alumnado

Dereitos

- | | |
|---|---|
| » Recibir información do alcance, obxectivos e requisitos da formación. | » Coñecer as condicións básicas de contratación laboral proposta. |
| » Participar nas unidades formativas de xeito gratuíto. | » Solicitar unha axuda ou bolsa durante a actividade formativa. |

Bolsas



O alumnado seleccionado para unha acción formativa **non poderá asistir simultaneamente** a outra formación profesional para o emprego financiada con fondos públicos.

Deberes

- | | |
|---|--|
| » Asistir e seguir con aproveitamento a acción formativa, atendendo ao correcto cumprimento de horarios e asistencia. | » Rexistrar a asistencia mediante os sistemas de control autorizados, incluído mediante o DNI-e e código QR. |
| » Facilitar toda a documentación requirida pola empresa ou a entidade de formación nos prazos establecidos. | » Responder ao formulario de enquisa de avaliación da calidade ao remate da actividade formativa. |

Convocatoria

